

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

11090 *Real decreto 898/2010, do 9 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dedica o capítulo VI do seu título I ás ensinanzas artísticas, entre as cales se atopan as ensinanzas profesionais de danza. Estas ensinanzas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade así como garantir a cualificación dos futuros profesionais da danza.

O Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

De acordo co Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ano académico 2007-2008 foron implantados os catro primeiros cursos das ensinanzas profesionais de danza e quedaron extinguidos os dous primeiros ciclos das ensinanzas de grao medio vixentes ata ese momento, e no ano académico 2008-2009 implantáronse os cursos quinto e sexto das ensinanzas profesionais de danza e quedou extinguido o terceiro ciclo das ensinanzas de grao medio vixentes ata ese momento.

Entre os obxectivos do Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, preténdese avanzar cara a unha estrutura das ensinanzas profesionais de danza máis aberta e flexible, ao mesmo tempo que se abordan medidas que permiten a máxima adecuación dos estudos aos intereses do alumnado, se considera a compatibilidade real entre estas ensinanzas e as de educación secundaria e se facultan as administracións educativas para a adopción de diferentes medidas de ordenación académica a este respecto.

A experiencia demostrou, no entanto, que a flexibilización nas condicións de promoción de curso do alumnado das ensinanzas profesionais de danza se debe restrinxir, co obxecto de ofrecer unha formación artística de calidade ao alumnado que as cursa. No currículo que conforma cada especialidade existen materias consideradas específicas cuxo dominio debe quedar afianzado curso a curso para poder continuar co proceso evolutivo de ensino-aprendizaxe. É aconsellable, en consecuencia, impedir a promoción de curso en todos os casos en que esas materias non sexan superadas polo alumnado.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Os números 1 e 2 do artigo 12 do Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, quedan redactados do seguinte modo:

«1. Os alumnos pasarán de curso cando superasen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa como máximo en dúas materias, sen prexuízo do que se

establece no número 2 deste artigo. No suposto de materias pendentes referidas á práctica da danza, a recuperación destas deberase realizar na clase do curso seguinte se estas forman parte del. No resto dos casos, os alumnos deberán asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior.

2. A cualificación negativa en tres ou máis materias de un ou de varios cursos impedirá a promoción dun alumno ao curso seguinte.

A non superación de calquera das materias que se detallan a continuación impedirá en todos os casos a promoción ao curso seguinte:

Especialidade	Materias
Baile flamenco	Danza española
	Baile flamenco
Danza clásica	Danza clásica
Danza contemporánea	Técnicas de danza contemporánea
Danza española	Escola bolera
	Danza estilizada
	Flamenco.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor no curso académico seguinte ao do día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL